

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE**

RESOLUCIÓN do 21 de abril de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se designan os membros e se fai pública a composición do tribunal que elaborará, supervisará e avaliará a proba substitutiva do requisito de titulación de educación secundaria obrigatoria para o acceso ás ensinanzas deportivas de grao medio para o curso 2022/23.

A Resolución da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, do 7 de abril de 2022, pola que se convocan probas de acceso ás ensinanzas deportivas para o curso 2022/23 (DOG do 21 de abril), establece que o tribunal que elaborará, supervisará e avaliará a proba substitutiva do requisito de titulación de educación secundaria obrigatoria será designado pola persoa titular da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional.

De conformidade co establecido na citada Resolución do 7 de abril de 2022,

RESOLVO:

Primeiro. Designar os membros do tribunal que elaborará, supervisará e avaliará a proba substitutiva do requisito de titulación de educación secundaria obrigatoria para o acceso ás ensinanzas deportivas de grao medio para o curso 2022/23 e facer pública a súa composición, que é a que figura no anexo desta resolución.

Segundo. Os membros deste tribunal terán dereito á percepción de asistencias de acordo co establecido no capítulo IV do Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25 de xuño).

Terceiro. Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 21 de abril de 2022

José Luis Mira Lema
Secretario xeral de Educación e Formación Profesional



ANEXO

Tribunal titular		Tribunal suplente	
Presidente	Fernando Fernández Fraga	Presidenta	Rosalía Polo Cal
Secretaria	Isabel Serna Masiá	Secretario	Rubén Vázquez Rodríguez
Vogal 1º	Lourenzo Álvarez Ruiz	Vogal 1ª	María Victoria Cerviño Ferrín
Vogal 2º	José Manuel Piñeiro Mourín	Vogal 2ª	Ana María López Díaz
Vogal 3º	Francisco Javier Poch Gutiérrez	Vogal 3ª	María Rosario Ureña Lara
Vogal 4ª	María Mercedes Rodríguez Ruibal	Vogal 4ª	Raquel González García

